

## PROBAS DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL FRAUTA

De acordo co Decreto 253/1993 do 29 de xullo, os aspirantes interpretarán tres obras pertencentes a distintos estilos, das que, como mínimo unha deberá interpretarse de memoria.

Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame. (Excepto IMSLP)

Para concorrer ás probas de acceso os músicos deberán achegar os seus músicos acompañantes.

Lista orientativa de obras :

- Sonata (a elegir) G.F.Haendel
- Sonata en SolM B.Marcello
- Sonata en FaM A.Vivaldi
- Andante en DoM para frauta e orquesta K315 W.A.Mozart
- Sonata en FaM Donizetti
- Siciliana G.Fauré
- Berceuse G .Fauré
- Le petit chevrier corse H.Tomasi

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento ( espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans ).
- Inspirar diafragmáticamente de forma eficaz e silenciosa.
- Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta cunha embocadura na que a tensión e relaxación muscular estén equilibradas.
- Dominar as tonalidades de ata cinco alteracións.
- Mostrar un uso básico inicial do vibrato e os cambios de cor do son.
- Usar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Amosar comprensión das estruturas musicais ( motivos, temas, periodos...)
- .- Aplicar as dinámicas forte, piano, crescendo e diminuendo.
- Usar as articulacións: picado, ligado, detachè largo e corto.
- Saber solucionar con certa autonomía cuestións relacionadas coa interpretación.

### **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN (para todos os cursos):**

- Os alumnos que non superen os obxectivos da proba pero amosen certo esforzo serán cualificados cun 4.
- Os alumnos que no superen os criterios da proba cun grave déficit de traballo e esforzo serán cualificados cun 3 , 2 ou 1 .
- Os alumnos que superen os obxectivos da proba de xeito sobresaínte serán cualificados cun 9 ou un 10.
- Os alumnos que superen os obxectivos da proba de xeito notable serán cualificados cun 7 ou un 8.
- Os alumnos que superen os obxectivos da proba de xeito aceptable serán cualificados cun 6
- .
- Os alumnos que superen os obxectivos mínimos fixados para a proba de xeito suficiente serán cualificados cun 5.